



**PROTOCOLO FISICOVID-FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING POLO  
QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA  
OCASIONADA POLA COVID-19 NO ÁMBITO DO DEPORTE DA PESCA  
FEDERADA EN GALICIA**



## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
2.	OBXECTO E METODOLOXÍA .....	6
3.	MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19.....	7
3.1	MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL .....	8
3.2.	MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Organización, deportistas, acompañantes, etc.).....	9
3.3.	REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS (Deportistas, staff, público, etc..) .....	11
3.4.	OUTRAS MEDIDAS .....	11
4.	PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN .....	13
5.	NORMAS PROTOCOLARIAS XENÉRICAS .....	23
6.	COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO .....	25
7.	COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 .....	26
8.	COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA .....	27
9.	PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE). .....	27
9.1.	AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES. ....	29



## 1. INTRODUCCIÓN

O deporte da pesca federada en Galicia é unha actividade social de amplo arraigo entre a nosa poboación. Esta actividade ten coma alicerces principais aos clubs e sociedades de pesca dos que son membros tódolos nosos deportistas, de forma e maneira que as actividades de cada un deles, clubs e deportistas, teñen influencia directa nos demais. Son claves principais as participacións dos nosos clubs e deportistas en competicións de ámbito estatal e mesmo internacional. A conduta e os éxitos de cadaún deles son a representación fidedigna do noso deporte. Por esta razón, a información e a promoción dos nosos deportistas, dentro e fóra das nosas fronteiras autonómicas, son sinónimo de defensa do Deporte Galego e eixo principal do bo e eficiente funcionamento dun sistema e dun tecido deportivo coma o Galego. A pesca deportiva galega, coma realidade social, está influenciada e inflúe de maneira directa e indirecta, nos procesos de cambios da nosa sociedade, da nosa propia actividade e, como non podía ser doutra maneira, tamén está nestes intres moi condicionada fronte á pandemia da COVID-19 e os seus efectos. A necesidade de cambios dende esta nova perspectiva, nunha situación inda incerta, fai imperativo incidir nas condutas de tódolos que participamos nesta actividade deportiva, sexa coma deportistas ou coma responsables directos da loxística organizativa dunha actividade regulamentada. En primeiro lugar, cómpre identificar tódalas potenciais fontes de contaxio, vistas desde tódalas perspectivas, e en tódalas modalidades de pesca que desenvolvemos, para así recoller e dar información precisa, de calidade e apta para promover e protexer contra a COVID-19 ao noso tecido deportivo, clubs, sociedades de pesca, deportistas e ata a propia Federación.



O obxectivo primordial é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión da COVID19. Promover un desenvolvemento seguro da nosa actividade deportiva antes, durante e despois desta. Incidir nas condutas idóneas das persoas implicadas para que poidan ser transmisoras de actuacións positivas a outros moitos cidadáns de Galicia, non só no eido deportivo, tamén no familiar, local, profesional, social, etc. A pesca federada galega leva preparándose no seu conxunto varios meses, para dar resposta a esta nova situación como sistema intelixente e informado, próximo ás realidades da actividade dos nosos deportistas, clubs e sociedades de pesca.

Coñecer e dar a coñecer este novo contexto é fundamental para abordar as mellores solucións, cousa que facemos, agora e sempre, dende a máis absoluta prudencia e fundamentada nos coñecementos de tódolos actores desta especialidade deportiva. Desta vez mantendo ademais estreita relación coa administración deportiva autonómica, as demais federacións deportivas e as universidades galegas. Foi e está sendo un proceso intenso e moi construtivo, que nos foi proporcionando os elementos estruturais e funcionais, e asemade a oportunidade de aprender facendo, de concienciarse dos riscos sanitarios, pero tamén dos riscos de diminución da práctica deportiva por parte de persoas e de entidades, perante as dificultades para volver a unhas actividades deportivas, moi penalizadas pola actual crise sanitaria. Unhas actividades deportivas que seguirán estando profundamente condicionadas, como o resto da nosa vida cotiá. Polo tanto, mentres non teñamos solución sanitaria a este problema da COVID19, impóñese que sigamos, impoñamos e acatemos co rigor necesario as medidas de prevención.



## **A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.**

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansazo. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser a dor de gorxa, perda do gusto ou olfacto e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotiñas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao tusir, esberrar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotiñas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por iso é importante manterse alo menos a 1,5 metros de distancia dos demais ou o uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersonal de seguridade.

Estas gotiñas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de maneira que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo se tocan os ollos, o nariz ou a boca. Por ilo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcol, sobre todo evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.



## 2. OBXECTO E METODOLOXÍA

O obxecto deste protocolo é establecer a metodoloxía a seguir nas competicións organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting no desenvolvemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito da pesca deportiva federada. O protocolo é de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e estará exposto na web da Federación Galega de Pesca e Casting. Este protocolo foi elaborado consonte a metodoloxía FISICOVID-DXTGALEGO.

A Metodoloxía FISICOVID-DXTGALEGO pretende establecer un sistema de traballo que lle facilite ao tecido deportivo galego, particularmente o federativo, a elaboración dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO, que deben considerar os elementos constituíntes do deporte en xeral, tales como as actividades, deportistas, entidades, e recursos (humanos, materiais), para construír as maiores opcións de seguridade hixiénico-sanitaria de xeito sostíbel de entidades e practicantes ante a COVID-19. Foron as propias federacións e os seus integrantes naturais os que, despois de avaliar e diagnosticar a información veraz da súa realidade, promoveron e realizaron o seguimento das medidas e adaptacións que se acordaron para o desenvolvemento das actividades deportivas coa maior protección posible perante o risco de contaxio.

Definíronse varias etapas temporais, a primeira para a preparación e elaboración da ferramenta FISICOVID-DXTGALEGO para enfoque, visión e emisión da mesma, despois recollida de información para diagnose de obxectivos e detección da necesidade do desenvolvemento propio de ferramentas. Na segunda etapa formalizouse un grupo de traballo con técnicos da Secretaría Xeral



para o Deporte e expertos do ámbito universitario. Na terceira etapa desenvolveuse a principal ferramenta de recollida de información, análise e achega de medidas.

Establecéronse 10 grupos de traballo entre as 58 federacións deportivas galegas, segundo similitudes da práctica deportiva, co obxectivo de favorecer a súa integración á hora de identificar potenciais situacións de risco de contaxio e determinar as medidas máis eficientes de acordo aos contextos concretos nos que se desenvolve a práctica en cada caso, compartindo a información entre elas.

Tras varias reunións de traballo tanto internas de cada federación como dos 10 grupos de traballo, identificáronse e debatéronse todas aquelas situacións e medidas suxeridas, adaptándoas a cada situación.

En todo caso, ese tamén foi un proceso de análise flexible, formativo e continuo, que requiriu e require dunha revisión permanente das situacións de contaxio e das medidas, atendendo á normativa que se vaia establecendo por parte das autoridades sanitarias, así como das situacións que vaian xurdindo en cada contexto deportivo.

### **3. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19**

Tódolos axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade deportiva.



Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establecéronse unha serie de recomendacións xerais, que foron posteriormente concretadas, polas medidas específicas determinadas por cada federación deportiva galega nos seus respectivos protocolos federativos.

### 3.1 MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

Con carácter xeral, sen prexuízo das medidas específicas establecidas pola federación deportiva ou no protocolo respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade contra o virus que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Despois de cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa da organización, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a correcta hixiene destes postos.





- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Disporase de papeleiras pechadas e con apertura non manual, para depositar panos e calquera outro material ou lixo, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa dun só uso que se cambie alo menos unha vez ao día.

### **3.2. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Organización, deportistas, acompañantes, etc.)**

- **Xerais:**
  - Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a Entidade deportiva no seu protocolo.
  - Deberase manter a distancia de seguridade interpersoal ou na súa falta, utilizar máscara. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
  - Sempre que sexa posible, os deportistas, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal. A estes efectos, o protocolo federativo establece as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.



- Evitar lugares concurridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos dun só uso e tiralos á papeleira, despois do seu uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano dun só uso ao tusir ou esbirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel desinfectante.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tose ou falta de alento?
- **Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:**
  - Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible. De non ser así, dar prioridade a formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel desinfectante antes de entrar e despois de saír do vehículo.
- **Alimentos, bebidas ou similares:**
  - Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.



### 3.3. REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS (Deportistas, staff, público, etc..)

A Entidade organizadora da actividade (club, federación, etc..) deberá dispoñer dun rexistro de asistentes (deportistas, staff, público, etc..) á mesma (adestramento, competición, concentración, tecnificación, etc...), custodiando o mesmo durante polo menos un mes despois da súa celebración, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

### 3.4. OUTRAS MEDIDAS

- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas.
- Evitarase o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.



## • MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- A Entidade organizadora da actividade informará a tódolos axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao persoal da organización, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante carteis en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade. Valarase o escenario das probas ou evitarse, na medida do posible, que o invadan persoas non controladas ou alleas á actividade deportiva.
- Cando o escenario, polas súas dimensións, non permita o valado da totalidade do seu perímetro, poranse carteis anunciando a prohibicións de paso nos accesos ao mesmo.

## • MEDIDAS DE FORMACIÓN

- Deberase promover a formación, especialmente entre o persoal da organización para:



- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel desinfectante, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

#### 4. PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

- Atende a tres **momentos**: antes, durante, e despois da práctica.
- Considera aos **axentes** cos que pode haber contaxio: Organización,, Deportistas, outros alleos.
- Identifica a **vía de contaxio**: Contacto, vía Aérea, compartir alimentos ou bebidas.

Nas táboas seguintes, explícase o significado de cada unha das categorías



## COMÚN A TÓDALAS MODALIDADES

### COMPETICIÓN

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Organización, xuíces, controis...	Persoa a persoa	Organización propiamente dita da proba, plicas, sinalización postos, etc	Cada membro da organización debera limparse con xel desinfectante antes de iniciar os traballos e nada mais chegar o punto de reunión Uso obrigatorio de mascarillas e distanzamento obrigatorio
Antes	Xuíces e deportistas	Por contacto: material deportivo de uso simultáneo	Posible contaminación das plicas	Plicas plastificadas que se poidan rociar con solución desinfectante, tipo lixívia, sanitol ou similar
Antes	Xuíces e deportistas	Persoa a persoa	Reparto de plicas	Colocaranse nunha mesa onde as recollera cada deportista de forma unitaria e respetando distanciamento
Antes	deportistas	Persoa a persoa	Acceso os postos asignados	Unha vez recollida a plica cada deportista dirixirse, de forma unitaria, o seu posto e agardara o sinal do inicio da proba
Durante	Xuíces, controis e deportistas	Persoa a persoa	Labores de pesaxe, medición e labores propias do xuíz	Uso obrigatoria de mascarillas. En caso de pesaxe ou medición no posto de pesca, será sempre o pescador o que realice esta labor, e o control ou xuíz manterase a unha distancia mínima onde consega ver a bascula ou o medidor.
durante	Tódolos participantes na proba	Persoa a persoa e vía aérea	Persoas allea a proba que poidan acceder a zona da realización da mesma e que non se poida ter control sobre elas	– Delimitar a zona mediante vallas para evitar o acceso a zona da proba por terceiros
Despois	Deportistas e organización	Persoa a persoa e vía aérea	Entrega trofeos e publicación resultados	– Inmediatamente despois da finalización da proba



				<p>publicares no facebook da Federación os resultados da proba ca correspondente clasificación o ben a través dun grupo de whatsapp creado solo para esa proba.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>– Os trofeos podense colocar nunha mesa e rociar con solución desinfectante e cada deportista pasará a recollelo de un en un gardando sempre a distancia mínima e no poderá ir acompañado de outros compañeiros de Club</li></ul>
--	--	--	--	---

<b>ESPECIALIDADE: SURF CASTING, MAR ROCHA, SPINNING</b>				
<b>COMPETICIÓN</b>				
<b>MOMENTO</b>	<b>AXENTE</b>	<b>TIPO DE CONTAXIO</b>	<b>DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN</b>	<b>MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS</b>
Antes	Para tódolos participantes...	Aéreo	Reunión de participantes, organización, controis, etc.	Toma de temperatura corporal para tódalas persoas que compartan o escenario da proba. Solución desinfectante individual obrigatoria.
Antes	Para tódolos participantes, organización, deportistas, etc	Persoa a persoa	Sinalización escenario, postos, sorteos, etc (Sorteos con restrición de asistentes, máximo 5 persoas)	Cada participante deba limparse as mans con xel desinfectante antes de iniciar os traballos e nada mais chegar o punto de reunión. Uso obrigatorio de mascariña e distancia mínima de 2 metros entre si.
Antes	Organización, deportistas	Por contacto: material de uso habitual	Plicas, bridas e bolsas para capturas	Plicas plastificadas (organización) Bridas e bolsas de plástico traerán os deportistas



Antes	Organización, deportistas	Persoa a persoa	Entrega de plicas	Individual e co distanciamento mínimo de 2 metros entre deportistas
Antes	deportistas	Persoa a persoa	Acceso os postos asignados	Acceso individual aos sectores e postos de pesca. Mantendo sempre a distancia de seguridade
Antes	Tódolos participantes na proba	Persoa a persoa e vía aérea	Risco de contaxiar ou ser contaxiado por persoas alleas á proba que invadan o escenario deportivo.	Delimitar o escenario mediante vallas para evitar o acceso de persoas alleas á proba. (Concellos onde teñan lugar as probas deportivas)
Durante	Controis, xuíces	Persoa a persoa	Labores de control, recollida e solta de minitallas.	Uso de mascariña. Desinfección de mans despois de cada intervención.
Durante	Controis, organización	Persoa a persoa	Recollida de capturas	Uso de mascariña. O deportista identifica e deposita as súas capturas no linde superior do seu posto e retírase ao inferior ata que lle sexan recollidas.
Durante	Xuíces, controis, organización	Persoa a persoa	Pesaxe de capturas, medición, clasificacións, etc	Uso de mascariña. Un membro da organización recibe, criba e pon na báscula as capturas. Retírase para que o xuíz anuncie en voz alta o peso. Unha vez que o xuíz se separe da báscula volve a retirar as capturas pesadas. Os anotadores e responsables da clasificación gardarán as distancias entre eles.
Despois	Organización	Persoa a persoa/ Aéreo	Revisión de clasificacións	As clasificacións compartiranse vía wassap. As posibles reclamacións tamén se farán por esa vía.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa/Aéreo	Reunións post competición	Os deportistas abandonarán inmediatamente o escenario da proba. Tan só estarán, ata media hora máis tarde de publicada a clas. definitiva, os tres primeiros.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa	Entrega de premios	Estarán recubertos de film protector desinfectado e cada deportista recollerá o seu segundo vaia anunciando a organización. Uso de mascariña e mans desinfectadas obrigatorio.





<b>ESPECIALIDADE: SALMÓNIDOS</b>				
<b>COMPETICIÓN</b>				
<b>MOMENTO</b>	<b>AXENTE</b>	<b>TIPO DE CONTAXIO</b>	<b>DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN</b>	<b>MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS</b>
Antes	Para tódolos participantes...	Aéreo	Reunión de participantes, organización, controis, etc.	Toma de temperatura corporal para tódalas persoas que compartan o escenario da proba. Solución desinfectante individual obrigatoria.
Antes	Para tódolos participantes, organización, deportistas, etc	Persoa a persoa	Sinalización escenario, postos, sorteos, (Sorteos en provincias, só capitáns. Autonómicos e selectivos, un a un)	Cada participante deba limparse as mans con xel desinfectante antes de iniciar os traballos e nada mais chegar o punto de reunión. Uso obrigatorio de mascariña e distancia mínima de 2 metros entre si.
Antes	Deportistas	Por contacto: material de uso habitual	Plicas, medidores, bolis	Plicas e medidores(organización) Bolis deportistas. Desinfección de mans e medidores á recollida/entrega.
Antes	Organización, deportistas	Persoa a persoa	Entrega de plicas	Individual e co distanciamento mínimo de 2 metros entre deportistas
Antes	deportistas	Persoa a persoa	Acceso os postos asignados	Acceso pescador/control aos postos de pesca. Mantendo sempre a distancia de seguridade
Antes	Tódolos participantes na proba	Persoa a persoa e vía aérea	Risco de contaxiar ou ser contaxiado por persoas alleas á proba que invadan o escenario deportivo.	Limitar os accesos ao escenario mediante carteis para evitar o acceso de persoas alleas á proba. (Concellos onde teñan lugar as probas deportivas)
Durante	Controis, xuíces	Persoa a persoa	Labores de control.	Uso de mascariña. Desinfección de mans despois de cada intervención.
Durante	Deportista	Compartir espazo, superficies	Desprazamentos aos tramos de pesca	Se un deportista se desprazase ata o seu tramo de pesca nun vehículo distinto ao utilizado para acudir á proba, deberá usar mascariña e desinfectarse as mans antes de subir e despois de baixar do mesmo.



Durante	Deportistas, organización	Persoa a persoa	Recollida de plicas	Uso de mascariña. O deportista entrega persoalmente a súa plica á organización. O receptor usará luvas en todo ese procedemento.
Despois	Organización	Persoa a persoa/ Aéreo	Revisión de clasificacións	As clasificacións compartiranse vía wassap. As posibles reclamacións tamén se farán por esa vía.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa/Aéreo	Reunións post competición	Os deportistas abandonarán inmediatamente o escenario da proba. Tan só estarán, ata media hora máis tarde de publicada a clas. definitiva, os tres primeiros.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa	Entrega de premios	Estarán recubertos de film protector desinfectado e cada deportista recollerá o seu segundo vaia anunciando a organización. Uso de mascariña e mans desinfectadas obrigatorio.

### ESPECIALIDADE: AGA DOCE, BLACK BASS, CORCHEO MAR

#### COMPETICIÓN

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Para tódolos participantes...	Aéreo	Reunión de participantes, organización, controis, etc.	Toma de temperatura corporal para tódalas persoas que compartan o escenario da proba. Solución desinfectante individual obrigatoria.
Antes	Para tódolos participantes, organización, deportistas, etc	Persoa a persoa	Sinalización escenario, postos, sorteos, etc (Sorteos con restrición de asistentes, máximo 5 persoas)	Cada participante debera limparse as mans con xel desinfectante antes de iniciar os traballos e nada mais chegar o punto de reunión. Uso obrigatorio de mascariña e distancia mínima de 2 metros entre si.
Antes	deportistas	Persoa a persoa	Acceso aos postos asignados	Acceso individual aos sectores e postos de pesca. Mantendo sempre a distancia de seguridade



Antes	Tódolos participantes na proba	Persoa a persoa e vía aérea	Risco de contaxiar ou ser contaxiado por persoas alleas á proba que invadan o escenario deportivo.	Delimitar o escenario mediante vallas para evitar o acceso de persoas alleas á proba. (Concellos onde teñan lugar as probas deportivas)
Durante	Controis, xuíces	Persoa a persoa	Labores de control.	Uso de mascariña. Desinfección de mans despois de cada intervención.
Durante	Xuíces, controis, deportistas, organización	Persoa a persoa	Pesaxe de capturas, medición, clasificacións, etc	Uso de mascariña. O deportista pon na báscula as capturas. Retírase para que o xuíz anuncie en voz alta o peso. Unha vez que o xuíz se separe da báscula volve a retirar as capturas pesadas. Os anotadores e responsables da clasificación gardarán as distancias entre eles.
Despois	Organización	Persoa a persoa/ Aéreo	Revisión de clasificacións	As clasificacións compartiranse vía wassap. As posibles reclamacións tamén se farán por esa vía.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa/Aéreo	Reunións post competición	Os deportistas abandonarán inmediatamente o escenario da proba. Tan só estarán, ata media hora máis tarde de publicada a clas. definitiva, os tres primeiros.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa	Entrega de premios	Estarán recubertos de film protector desinfectado e cada deportista recollerá o seu segundo vaia anunciando a organización. Uso de mascariña e mans desinfectadas obrigatorio.
Antes Durante Despois	Deportistas	Superficies compartidas	Os postos de pesca son rotativos entre cada manga	Antes do inicio de cada manga e ao final da proba, os postos de pesca serán desinfectados cunha disolución preparada ao efecto.
<b>ESPECIALIDADE: EMBARCACIÓN FONDEADA</b>				
<b>MOMENTO</b>				
<b>AXENTE</b>				
<b>TIPO DE CONTAXIO</b>				
<b>DESCRICIÓN DA SITUACIÓN</b>				
<b>MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS</b>				



Antes	Para tódolos participantes...	Aéreo	Reunión de participantes, organización, controis, etc.	Toma de temperatura corporal para tódalas persoas que compartan o escenario da proba. Solución desinfectante individual obrigatoria.
Antes	Para tódolos participantes, organización, deportistas, etc	Persoa a persoa	Sinalización escenario, postos, sorteos, etc (Sorteos con restrición de asistentes, máximo 5 persoas)	Cada participante deba limparse as mans con xel desinfectante antes de iniciar os traballos e nada mais chegar o punto de reunión. Uso obrigatorio de mascariña e distancia mínima de 2 metros entre si.
Antes	deportistas	Persoa a persoa	Acceso ás embarcacións	Acceso ordenado. Mantendo sempre que sexa posible a distancia de seguridade.
Antes	Deportistas	Contacto con materiais/superficies	Uso secuencial de espazo/superficies	Cada deportista desinfectará a súa zona da embarcación antes do inicio da proba.
Antes	Tódolos participantes na proba	Persoa a persoa e vía aérea	Risco de contaxiar ou ser contaxiado por persoas alleas á proba que invadan o escenario deportivo.	Delimitar o escenario mediante vallas para evitar o acceso de persoas alleas á proba. (Concellos onde teñan lugar as probas deportivas)
Durante	Controis, xuíces	Persoa a persoa	Labores de control.	Uso de mascariña. Desinfección de mans despois de cada intervención.
Durante	Deportistas	Contacto con materiais/superficies	Uso secuencial de espazo/superficies	Cada deportista desinfectará a súa zona da embarcación unha vez rematada a 1ª manga.
Durante	Xuíces, controis, deportistas, organización	Persoa a persoa	Pesaxe de capturas, medición, clasificacións, etc	Uso de mascariña. O deportista pon na báscula as capturas. Retírase para que o xuíz anuncie en voz alta o peso. Unha vez que o xuíz se separe da báscula volve a retirar as capturas pesadas. Os anotadores e responsables da clasificación gardarán as distancias entre eles.
Despois	Deportistas	Contacto con materiais/superficies	Uso secuencial de espazo/superficies	Cada deportista desinfectará a súa zona da embarcación unha vez rematada a proba.
Despois	Organización	Persoa a persoa/ Aéreo	Revisión de clasificacións	As clasificacións compartiranse vía wassap. As posibles reclamacións tamén se farán por esa vía.



Despois	Deportistas	Persoa a persoa/Aéreo	Reunións post competición	Os deportistas abandonarán inmediatamente o escenario da proba. Tan só estarán, ata media hora máis tarde de publicada a clas. definitiva, os tres primeiros.
Despois	Deportistas	Persoa a persoa	Entrega de premios	Estarán recubertos de film protector desinfectado e cada deportista recollerá o seu segundo vaia anunciando a organización. Uso de mascariña e mans desinfectadas obrigatorio.

### ESPECIALIDADE: PESCA, COMÚN A TÓDALAS MODALIDADES

#### ADESTRAMENTOS ORGANIZADOS POLOS CLUBS/SOCIEDADES DE PESCA

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Club	Tódolos posibes	Relacións previas ao adestramento (organización)	Definir un responsable do adestramento
Antes	Responsable do adestramento (RA)	Vía aérea, contacto persoal, compartir espazos, materiais, etc	Deportista ou persoa asistente con síntomas	Instrucións claras de non asistir ao adestramento no caso de ter síntomas.
Antes	Responsable do adestramento (RA)	Uso común de materiais	Recollida de restos de restos	Dispoñer dun colector pechado para a posterior recollida de panos, bolsas e toda clase de lixo.
Antes, durante e despois	Deportistas/RA	Tódalas vías	Incumprimento das normas	Máxima colaboración no cumprimento das normas. É tarefa común garantir e respectar a seguridade colectiva e individual.
Antes	Deportistas/ RA	Vía aérea	Reunión previa ao adestramento/chegada de participantes	Dispoñer de mascariñas Evitar concorrencia en espazos confinados
Antes	Deportistas/RA	Contacto	Tocar superficies comúns	Dispoñer de solucións desinfectantes individuais, panos dun só uso, bolsas do lixo, etc.
Antes	Deportistas/RA	Contacto	Tocar superficies comúns	Unllas cortadas e coidadas, evitando o uso de aneis, pulseiras ou outros adornos que poidan dificultar unha correcta hixiene



				das mans
Antes	Deportistas/RA	Contacto/Vía aérea	Invasión da zona de adestramento por viandantes, curiosos, bañistas, etc	Na medida do posible, delimitar o espazo do adestramento. Colocar carteis indicando a obrigatoriedade dos 2 m. de distancia (COVID19)
Durante	Deportistas/RA	Contacto	Felicitación por captura, etc	Evitar calquera tipo de contacto físico.
Durante	Deportistas/ RA	Contacto, vía aérea	Consulta sobre cebo, técnicas, etc	Manterse sempre a unha distancia mínima de 2 m. Non compartir materiais, cebos, etc. Non compartir utensilios, cuncas, vasos, cubertos, etc Non compartir comidas nin bebidas. Non chuspir no chan, utilizar panos dun só uso. Desinfección de postos de pesca antes e despois.
Despois	Deportistas	Contacto con materiais	Corcheo mar/Auga Doce (Pavimentos) Contacto con restos deixados polos deportistas (panos, bolsas, etc)	Os deportistas recollerán tódolos seus restos nunha bolsa de lixo e depositarán os mesmos no colector habilitado ao efecto.
Despois	RA	Contacto con materias	Contacto con restos deixados polo RA	Retirada do colector do lixo habilitado para a recollida do mesmo, ao remate do adestramento.
Despois	Club/RA	Todolos posibles	Tódalas situacións que se vaian producindo	Deberanse ir adaptando os adestramentos en función das medidas que vaian actualizando as autoridades,

### ESPECIALIDADE: PESCA, COMÚN A TÓDALAS MODALIDADES

### ADESTRAMENTOS INDIVIDUAIS OU NON ORGANIZADOS POLOS CLUBS/SOCIEDADES DE PESCA

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Club	Vía aérea, contacto persoal, compartir espazos, materiais, etc	Relacións previas ao adestramento (organización)	Definir un responsable para os adestramentos individuais dos deportistas do club
Antes	Deportistas	Contacto con terceiras persoas	Encontros, cruces ou espazos compartidos con persoas alleas ao deportista e ao club	Notificar ao responsable dos adestramentos lugar, día, hora e duración dos adestramentos.
Antes, durante e despois	Deportistas/RA	Tódalas vías	Incumprimento das normas	Máxima colaboración no cumprimento das normas. É tarefa común garantir e respectar a seguridade colectiva e individual.
Antes/Despois	Deportistas	Vía aérea	Contactos persoais	Evitar concorrencia en espazos confinados
Antes	Deportistas	Contacto	Tocar superficies comúns	Dispoñer de solucións desinfectantes individuais, panos dun só uso, bolsas do lixo, etc.
Antes	Deportistas	Contacto	Tocar superficies comúns	Unllas cortadas e coidadas, evitando o uso de aneis, pulseiras ou outros adornos que poidan dificultar unha correcta hixiene



				das mans
Antes	Deportistas/RA	Contacto/Vía aérea	Invasión da zona de adestramento por viandantes, curiosos, bañistas, etc	Na medida do posible, delimitar o espazo do adestramento. Colocar carteis indicando a obrigatoriedade dos 2 m. de distancia (COVID19)
Durante	Deportistas	Contacto	Felicitación por captura, fotos, vídeos, etc.	Evitar calquera tipo de contacto físico. Non compartir nin ceder aparatos (móviles, cámaras, etc)
Durante	Deportistas	Contacto, vía aérea	Chegada doutras persoas ao escenario dos adestramentos	Manterse sempre a unha distancia mínima de 2 m. Non compartir materiais, cebos, etc.
Despois	Deportistas	Contacto con materiais	Contacto con restos deixados polos deportistas (panos, bolsas, etc)	Os deportistas gardarán tódolos seus restos nunha bolsa e depositaranos no colector do lixo máis próximo.
Despois	RA/ Deportistas	Tódolos posibles	Tódalas situacións que se vaian producindo	Deberanse ir adaptando os adestramentos en función das medidas que vaian actualizando as autoridades,
Despois	Deportistas	Tódolos posibles	Contacto con persoas ou situacións de risco	Informarase ao responsable dos adestramentos do club de calquera situación de risco vivida nun adestramento
Despois	Deportistas	Tódolos posibles	Ter tido, antes durante ou despois do adestramento, contacto con persoa positiva ou posterior positivo.	Informar ao responsable do adestramento do club e ás autoridades sanitarias. Cumprir o protocolo que se lles impoña.

## 5. NORMAS PROTOCOLARIAS XENÉRICAS

**MENTRES NON TEÑAMOS VACINA OU AS AUTORIDADES SANITARIAS NON GARANTICEN O RISCO CERO DE CONTAXIO, NAS COMPETICIÓNS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING NON SE ENTREGARÁN NIN ORGANIZARÁN AVITUALLAMENTOS. QUEDA TAMÉN ABSOLUTAMENTE PROHIBIDO COMPARTIR COMIDA OU BEBIDA ENTRE OS ASISTENTES ÁS COMPETICIÓNS. NAS REUNIÓNS PARA CONSUMIR AS VITUALLAS QUE OS PROPIOS DEPORTISTAS TRAIAN PARA ESAS XORNADAS DE COMPETICIÓN, DEBERÁ MANTERSE SEMPRE UNHA SEPARACIÓN ENTRE SI DE COMA MÍNIMO 5 METROS. TODOS SOMOS CONSCIENTES DE QUE CANDO FALLAMOS EXPULSAMOS PARTÍCULAS DE SALIVA, POLO TANTO É IMPORTANTÍSIMO MANTERNOS ALONXADOS.**

**ANTES, DURANTE E DESPOIS DAS COMPETICIÓNS QUEDA TAMÉN ABSOLUTAMENTE PROHIBIDO COMPARTIR MATERIAIS, CEBOS, ROUPA, CALZADO OU CALQUERA ACCESORIO QUE POIDA CONTER OU TRANSPORTAR**



**FLUÍDOS CORPORAIS DUN DEPORTISTA A OUTRO. ASEMADE, NINGÚN MEMBRO DA ORGANIZACIÓN ESTÁ AUTORIZADO A CEDER AOS DEPORTISTAS MATERIAIS, CEBO, CALZADO OU CALQUERA SORTE DE ACCESORIO.**

**SE ALGÚN MEMBRO DA ORGANIZACIÓN, CONTROL OU XUÍZ NECESITASE, PARA EXERCER AS SÚAS LABORES DE CONTROL, TOCAR OU COLLER NAS MANS CALQUERA MATERIAL OU ACCESORIO DUN DEPORTISTA, DEBERÁ DESINFECTARSE PREVIAMENTE AS MANS EN PRESENCIA DO DEPORTISTA QUE VAI SER CONTROLADO.**

**PUNTOS DE ENCONTRO PARA DEPORTISTAS: SERÁN SEMPRE NOS ESCENARIOS DE COMPETICIÓN (PRAIAS, RÍOS, ENCOROS, ETC.), E DICIR, EN ESPAZOS ABERTOS E MANTENDO A DISTANCIA SOCIAL REQUIRIDA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS.**

**POR SUPOSTO DEBERÁN ABSTERSE DE ACUDIR A TODA COMPETICIÓN OS DEPORTISTAS QUE PRESENTEN CALQUERA SINTOMATOLOXÍA (TOSE, FEBRE, DIFICULTADE AO RESPIRAR, ETC.) QUE PUIDERA ESTAR ASOCIADA COA COVID-19 OU SE TIVERON CONTACTO ESTREITO (CONVIVINTES, FAMILIARES OU PERSOAS QUE HOUBESEN**

**ESTADO NO MESMO LUGAR QUE UN CASO MENTRES PRESENTABA SÍNTOMAS A UNA DISTANCIA MENOR DE 2 METROS AO LONGO DUN TEMPO DE ALO MENOS 15 MINUTOS) OU TEÑAN COMPARTIDO ESPAZO SEN GARDAR A DISTANCIA INTERPERSOAL CUNHA PERSOA AFECTADA POLA COVID-19, MESMO NA AUSENCIA DE SÍNTOMAS, POR UN ESPAZO DE ALO MENOS 14 DÍAS.**

**EVITARANSE OS SAÚDOS CON CONTACTO FÍSICO. NON DEBE HABER CONTACTO FÍSICO ALGÚN CON NINGÚN MEMBRO DA ORGANIZACIÓN OU DEPORTISTA, EN NINGÚN MOMENTO.**

**O ACCESO AOS ESCENARIOS DAS COMPETICIÓN ESTARÁ RESTRINXIDO. POR TANTO TODA PERSOA QUE NON COMPITA, ACTÚE COMA MEMBRO DA ORGANIZACIÓN, CONTROLE OU XULGUE ESA PROBA, DEBE SER INVITADA A ABANDOAR O ESCENARIO.**





## 6. COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO

A Federación Galega de Pesca e Casting nomeará para cada competición un coordinador do protocolo para implementar e seguir o correcto funcionamento e respecto do protocolo federativo. Este será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento. Este coordinador asumirá as funcións que se establecen de seguido:

**O COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO SERÁ O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, OU A PERSOA OU PERSOAS NAS QUE EL DELEGUE. A SÚA FUNCIÓN PRINCIPAL É GARANTIR O CORRECTO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO POR TÓDOLOS ASISTENTES (ORGANIZACIÓN, DEPORTISTAS, XUÍCES, ETC.)**

**POR MOR DO RESPECTO Á SEGURIDADE SANITARIA DE TÓDOLOS PARTICIPANTES, NAS COMPETICIÓNS OFICIAIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, A PERSOA OU PERSOAS QUE EXERZAN AS FUNCIÓNS DE COORDINADORES DO PROTOCOLO FEDERATIVO PODERÁN EXPULSAR DA COMPETICIÓN A AQUELES ASISTENTES QUE, DESPOIS DE SEREN AVISADOS, INCUMPRAN REITERADAMENTE O PRESENTE PROTOCOLO.**

**AS DECISIÓNS TOMADAS POLOS COORDINADORES DE PROTOCOLO SERÁN INAPELABLES E DE OBRIGADO E INMEDIATO CUMPRIMENTO.**



## 7. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que un membro da organización, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

No caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine. En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.



## **8. COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA**

Cada club/entidade deportiva designará un coordinador para a implementación, cumprimento e seguimento do protocolo federativo, que será o único interlocutor en canto a este protocolo se refire coa Federación Galega, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Co obxecto de manter unha comunicación fluída entre a Federación, a Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas que conforman a federación, é necesario que cada unha destas últimas conte cun/cunha COORDINADOR/A FISICOVID-DXTAGALEGO e llo comunique á Federación. Preténdese definir interlocutores entre os estamentos federativos e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluída entre todos na loita contra a COVID19 e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

As funcións dese coordinador serían: implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación, e ser o interlocutor coa federación deportiva correspondente para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno da entidade respecto a presenza de sintomatoloxía COVID19 e incluso de casos positivos.

## **9. PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE).**

Establécese o seguinte procedemento de comunicación das incidencias entre a entidade deportiva (Club, SAD...), a Federación Galega e a Secretaría Xeral para o Deporte, co obxectivo de poder apoiar á entidade organizadora da



actividade na toma de decisións e de facilitar que flúa a información entre os axentes implicados (clubs, federación e autoridades deportivas e sanitarias):

- No caso de que nun adestramento/competición se identifique que unha ou varias persoas teña sintomatoloxía COVID19, aplicarase o procedemento establecido no apartado COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 deste protocolo e a continuación, o COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO designado pola entidade deberá contactar co seu interlocutor FISICOVID-DXTGALEGO da Federación para informar telefonicamente ou por e-mail sobre a situación.
- A Federación deberá así mesmo informar á Secretaría Xeral para o Deporte sobre o acontecido (proceso de comunicación co SERGAS, probas realizadas, resultados, decisións do organizador do adestramento/competición sobre o desenvolvemento da actividade a partir do caso de sintomatoloxía COVID-19 (suspensión, continuidade da actividade, etc.).
- No caso de que o club sexa coñecedor de que existe un ou varios positivos entre axentes implicados na realidade deportiva da entidade, tamén se debe informar á Federación e á Secretaría Xeral para o Deporte, seguindo o procedemento sinalado no documento publicado no apartado web <https://coronavirus.sergas.gal/Informacion-para-outros-colecti?idioma=ga> *OLLO que neste punto engadíuse aquí que no caso de positivos aplicarase o establecido no documento publicado na web do SERGAS.*



### 9.1. AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES.

- Os protocolos FISICOVID-DXTGALEGO específicos dos eventos/competicións e actividades multitudinarias ás que lles sexa de aplicación este protocolo, deberán partir dunha avaliación do nivel de risco de contaxio, tomando como referencia o documento “Recomendacións para eventos y actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España” elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade ([https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19\\_Recomendaciones\\_eventos\\_masivos.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Recomendaciones_eventos_masivos.pdf)) ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

Vimianzo a 5 de xaneiro de 2021

O presidente

Manuel Mouzo Méndez

O secretario

Juan Manuel Castro Fuentes